

SALIDA

MANCOMUNIDAD MUNICIPIOS RIA FERROL
 Registro n.ºm 104
 Ferrol, 10 de MAIO de 20017



MANCOMUNIDADE
 Concellos da Comarca
 de Ferrol

O Pleno da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ferrol en sesión celebrada o 13 de marzo de 2017 adoptou o seguinte acordo:

“2. Presentación do proxecto para o convenio coa Axencia Turismo de Galicia do ano 2017.

O xerente informa de que finalmente non está previsto por parte da Xunta un convenio bienal para o bienio 2017-2018, debido á intención de que a Mancomunidade inicie esta fórmula no bienio 2018-2019 e se integre no mesmo ciclo que outras mancomunidades e consorcios.

A continuación explica o proxecto presentado á Xunta de Galicia como base para o convenio 2017-2018.

De acordo co proxecto, o convenio conta cun orzamento de 75.000,00, dos cales 60.000 son achegados pola Xunta de Galicia e 15.000,00 pola Mancomunidade, cuxa distribución entre os concellos en proporción á poboación é a seguinte:

Concello	Poboación (cifras oficiais a 01/01/16)	Achega
Ares	5672	552,13 €
Cabanas	3259	317,24 €
Cedeira	6997	681,11 €
Fene	13250	1.289,80 €
Ferrol	68308	6.649,32 €
Mugardos	5335	519,33 €
Narón	39426	3.837,85 €
Neda	5197	505,89 €
Valdoviño	6650	647,33 €
Total	154094	15.000,00 €



De acordo co anterior, tendo en conta que o convenio se asinou en condicións similares durante os últimos tres anos, as persoas asistentes acordan por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto presentado á Axencia Turismo de Galicia, sen prexuízo das revisións técnicas que poidan producirse durante a tramitación do convenio.
2. Aprobar as condicións económicas do proxecto e a súa distribución en proporción á poboación.



3. Notificar o presente acordo co obxecto de que polo órgano competente de cada un dos concellos se aprobe o compromiso de financiamento nos termos indicados, que deberá ser notificado á Mancomunidade á maior brevidade.
4. Unha vez asinado o correspondente convenio pola Axencia Turismo de Galicia, tramitarse un expediente de modificación de crédito para o financiamento destes gastos, que poderá ser aprobado polo presidente da Mancomunidade baseándose no presente acordo, sen prexuízo do establecido no punto 3"

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

No Concello de Ferrol, a 9 de maio de 2017.

O SECRETARIO DA MANCOMUNIDADE..-



CONCELLO DE CABANAS